

O GALEGO CAMPA
Dinamización lingüística nos campamentos de verán



CAMBIAMOS O CONTO

Tipo de actividade:

Actividade de distensión.

Idade: De 9 a 14 anos.

Participantes: Actividade en grupo.

Duración: 30 minutos.

Materiais:

–Fichas co modelo de conto que teñen que representar.

Obxectivos:

- Reforzar a cohesión grupal a través do xogo lúdico.
- Practicar a oralidade e a expresividade.
- Ampliar as habilidades de comunicación oral en lingua galega.

DESENVOLVEMENTO

Para esta actividade, convén que se fagan grupos de catro ou cinco persoas. Repartímoslle a cada grupo unha fotocopia co texto que terán que ler (será o mesmo texto para todos os grupos). Deixamos que o lean e que o comenten durante uns minutos.

A continuación, dámoslle a cada grupo unha ficha que indica como terán que entoar o conto:

Conto rap / Conto noticia / Conto telegrama / Conto misado / Conto fútbol / Conto chiste

Comezamos a ler o conto por orde; segundo lle toque a cada grupo, terá que ler o conto coma se fose un telegrama, unha canción, unha noticia dun informativo, unha misa, unha transmisión dun partido de fútbol, un chiste...

Cada grupo ten que escoller unha ou varias persoas que realizarán a lectura en voz alta; é aconsellable que teñan uns minutos para prepararen a súa intervención.

OBSERVACIÓNS

Esta dinámica baséase no reforzo da expresividade da lingua oral, a través da dificultade que implica aplicar un determinado rexistro oral a un texto co que non se corresponde. Por exemplo, ler un poema coma se fose unha noticia é complexo pero, ao mesmo tempo, ten a virtude de adestrar a nosa oralidade.

No web www.xunta.es/linguagalega/o_galego_campa están descargables as fichas de actividade e os materiais complementarios. O web inclúe, ademais, un espazo de participación.



CAMBIA O CONTO

Un home tivo un burro que andou a carrexar arreo durante varios anos os sacos do muíño pero as súas forzas chegaban xa á súa fin; de tal xeito que cada día se ía facendo menos útil para o traballo. Por iso, o amo matinou en sacalo do medio; mais o burro, ao decatarse de que non sobraban bos ventos, decidiu fuxir e dirixiuse á cidade de Bremen. Alí, cavilaba, había facerse músico da banda municipal.

Os músicos de Bremen

Os contos de Grimm

Conto telegrama

Conto Rap

Conto noticia

Conto misado

Conto chiste

Conto futbol

